

GUÍA EXPLICATIVA

I. CONTIDO DO KIT DE VOTO ACCESIBLE “ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO”

O kit de voto accesible para as Eleccións ao Parlamento Europeo contén:

1. A presente guía explicativa en Braille.
2. Un sobre de votación normalizado, non rotulado en Braille para as Eleccións ao Parlamento Europeo.
3. Un sobre grande cunha etiqueta en Braille e tinta que di “Eleccións ao Parlamento Europeo”. Este sobre grande contén:
 - Un sobre pequeno (tamaño cuartilla) por cada candidatura que concorra ás Eleccións ao Parlamento Europeo. Cada un deses sobres pequenos ten pegada unha etiqueta na que consta, en Braille e tinta, o nome e as siglas da candidatura cuxa papeleta electoral (estándar, non en Braille) está dentro.

II. INSTRUCCIÓN PARA EMITIR O VOTO.

Unha vez lle foi entregado o kit de votación accesible pode vostede solicitar que os membros da Mesa electoral lle faciliten o acceso a un espazo, situado o máis preto posible da Mesa electoral, para que vostede poida manexar alí a documentación contida no kit de votación accesible con garantías de privacidade. Tamén pode levar o kit de votación accesible fóra do local electoral e regresar máis tarde a emitir o seu voto. **A. Preparación do voto.**

1. Abrir o sobre de tamaño grande e extraer os sobres identificados en braille e caracteres visuais co nome das distintas candidaturas.
2. Seleccionar o sobre cuxa etiqueta en braille coincida coa candidatura á que se desexa votar, abrir ese sobre e extraer a papeleta normalizada que contén.
3. Introducir a papeleta seleccionada no sobre de votación normalizado: o único que non ten etiqueta impresa en braille e tinta. **B. Votación.**

A continuación diríxase a votar á Mesa electoral onde deberá mostrar á presidencia da Mesa electoral un dos seguintes documentos para identificarse:

- O documento nacional de identidade (DNI). Non serve o resgardo do DNI en trámite, posto que nel non aparece fotografía do/da elector/a.
- O pasaporte (con fotografía).
- A cidadanía da Unión Europea poderá identificarse coa tarxeta de residencia se a posúe.

Non importa que estes documentos estean caducados, pero deben ser os orixinais, non valen fotocopias. **C.**

Material sobranste.

Despois da votación, recoméndase ao/á elector/a que leve consigo o kit de votación accesible, xunto con todo o material sobranste, co fin de asegurar o segredo do voto emitido.